




VAL DE VISUÑA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 12 km

Dificultade: alta

Duración: 5 horas



Unha ruta de gran interese paisaxístico, xeolóxico e biolóxico en terras do Courel, dentro do espazo protexido como LIC "Oa Ancares-O Courel". Unhas cinco horas de camiñada para completar os 12 km desta ruta circular da que case a metade do percorrido se fai costa arriba, para superar uns 500 m de desnivel, e outro tanto cara abaixo para darlle a volta ás caras leste e norte do val de Visuña polas abas do Chao de Cereixido (1.411 m), Chao do Marco (1.554), Boca do Faro (1.566 m) e Cabeza Grande (1.516), nos lindes co Bierzo e Pedrafita, levando sempre á vista as abas e o cume do monte Formigueiros, o máis alto da serra do Courel, mentres imos pasando ao pé das diferentes formacións arbóreas e arbustivas que configuran a altitude, a orientación das abas e a composición do terreo: reboleiras nas áreas secas, aciñeiras nas calcárias, carballeiras nas zonas húmidas, especies de ribeira nos caborcos polos que baixa a auga, piñeiros rubios nas plantacións de repoboación forestal e amplas áreas de mato de uces e xestas.



Visuña.



Vista do monte Formigueiros, o cume máis alto da serra do Courel, con 1.641 m.



Val de Visuña desde o Alto do Couto.

PERCORRIDO

O punto de partida é a estrada ao pé Reibarba, o rueiro máis ao sur de Visuña, onde temos que deixar o coche. Baixamos ao lugar e, despois de cruzar o río, collemos o camiño, á dereita, que tira cara ao monte. Cando levamos camiñados uns 2 km o camiño divídese e temos que seguir o da esquerda (se continuáramos de fronte chegaríamos, nuns 700 m, ao lugar das Cruces, xa na provincia de León, un lugar con dúas casas só habitado no verán polos gandeiros, desde onde tamén podemos subir á liña de cumes e continuar a ruta por outra pista ou o polo cortalumes da fronteira) un camiño que non abandonaremos ata chegar a un lugar no que a pista volve a bifurcarse e arranca un cortalumes. Nese mesmo lugar sae á esquerda un camiño, case tapado polas xestas, polo que comezaremos a baixada, que nos levará a outro que xa non teremos que deixar ata chegar á igrexa de Visuña. Desde a igrexa, por un camiño vello, baixamos ao lugar e del subimos á estrada para facer por ela os derradeiros 700 metros.



Val de Visuña coroado pola Pena das Aigas.



Vista desde o alto da ruta cara ao sur.



Val de Visuña e serra do Courel desde a parte alta da ruta.



Castiñeiro en Visuña (6 m de perímetro)



Violeta dos prados (*Viola arvensis*)



Erebia palarica, unha bolboreta endémica do noroeste ibérico.



Erodium glandulosum, un xeranio silvestre que se pode atopar nas calcáries do Courel.



Erinus Alpinus, un pequeno xeranio que medra nos rochedos calcários.



Coenonimpha arcana, unha bolboreta pouco común en Galiza.



Pyrochroa coccinea, un chamativo escaravello carnívoro.